

# 22 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

1-5 setembre 2021



# 22 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

## Memorial Juanjo Amoedo ~ do 1 ao 5 de setembro de 2021

### ~~~~~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~~~~

- Mércores, 1 de setembro.....**  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Larraitz Urruzola. Galicia. Obra: "Fábulas da montaña" +8
- Xoves, 2 de setembro.....**  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Moving Compass. Galicia/Francia. Obra: "Gaia Baba" +12
- Venres, 3 de setembro.....**  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Bambalina Teatre Practicable. Valencia. Obra: "Quijote" +14
- Sábado, 4 de setembro.....**  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Teatro Saco de Huesos. Francia. Obra: "Edgar" +14 (Pre-estrea)
- Domingo, 5 de setembro.....**  
19.00h. Auditorio da Xunqueira. Teatro Saco de Huesos. Francia. Obra: "Edgar" +14

### ~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~

- Xoves, 2 de setembro.** Aforo limitado en carpas, imprescindible disponer de máscara e entrada.  
18.00h. Salgueiral. "Titiricircus" Tanxarina Títeres. 45'. Galicia  
19.00h. P. da Xunqueira. "Cabaret sobre fíos" The Fifth Wheel. 45'. Rusia
- Venres, 3 de setembro.** Aforo limitado en carpas, imprescindible disponer de máscara e entrada.  
18.00h. P. da Xunqueira. "Cabaret sobre fíos" The Fifth Wheel. 45'. Rusia  
19.00h. Salgueiral. "Cristóbal Purchinela" Alauda Teatro. 50'. Castela e León
- Sábado, 4 de setembro.** Aforo limitado en carpas, imprescindible disponer de máscara e entrada.  
13.00h. Salgueiral. "Cousas da casa" Mircromina Teatro de Títeres. 45'. Galicia  
17.30h. Casa da Torre. "The Puppet Circus" Alauda Teatro. 60'. Castela e León  
18.00h. Salgueiral. "Cousas da casa" Mircromina Teatro de Títeres. 45'. Galicia   
19.00h. Palco da Música. "Las aventuras de Gasparina" Le Guignol Orthopédique. 50'. Madrid  
19.30h. Pista da Xunqueira. "Astronauta sideral" Uxía Lambona e a banda Molona. 70'. Galicia  
20.00h. Casa da Torre. "The Puppet Circus" Alauda Teatro. 60'. Castela e León

#### ITINERANTES .....

(de balde, en grupo convivente ou burbuilla e que corra o aire)

- 18.00h. Alfonso XII-Ribeira. "Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
Coa colaboración de Os Alecríns. Música. Galicia  
18.30h. Casto Sampedro-Ribeira. "Redondela é un conto" EducaTeatro. 30'. Galicia  
Coa colaboración de The Turre's Band. Galicia  
19.00h. Soportais-Alameda. "Los Extintos" Opakar. 30'. Cataluña  
19.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
Coa colaboración de Os Alecríns. Música. Galicia  
20.30h. Alameda-Soportais. "Redondela é un conto" EducaTeatro. 30'. Galicia  
Coa colaboración de The Turre's Band. Galicia  
21.00h. Alfonso XII-Ribeira. "Los Extintos" Opakar. 30'. Cataluña  
"Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
Coa colaboración de Os Alecríns. Música. Galicia

Peché do sábado. 21.30h. Balcón do Concello. The Turre's Band. Música. Galicia

**Domingo, 5 de setembro.** Aforo limitado en carpas, imprescindible disponer de máscara e entrada.

- 12.00h. Palco da Música. "Cinco historias para unha man" Spaghetti Títeres. 40'. Galicia  
12.30h. Salgueiral. "A Guerra das Galicias" Cachirulo Títeres. 55'. Galicia   
13.00h. P. da Xunqueira. "¡Ay pera, perita, pera!" Cazando Gamusinos Teatro. 50'. Madrid  
18.00h. Palco da Música. "Cousas da casa" Mircromina Teatro de Títeres. 45'. Galicia   
18.30h. P. da Xunqueira. "¡Ay pera, perita, pera!" Cazando Gamusinos Teatro. 50'. Madrid  
19.30h. Salgueiral. "Las aventuras de Gasparina" Le Guignol Orthopédique. 50'. Madrid  
20.00h. Casa da Torre. As Efémeras. 45'. Música. Galicia

#### ESPECIAL ITINERANTES "Fénix, a ave" .....

(de balde, en grupo convivente ou burbuilla e que corra o aire)

Querendo render unha homenaxe á Ave Fénix e a ese rexurdir tan necesario, nesta edición os itinerantes do domingo terán todos como temática os paxaros. Queremos facer de Redondela un lugar máxico, para iso quedades convidados/as a vir vestidos/as do paxaro ou da ave que prefirades a calquera dos pases programados. Aceptarase todo tipo de bichería.

- 12.00h. Alfonso XII-Soportais. "Los Extintos" Opakar. 30'. Cataluña  
Coa colaboración da Charanga Bicoia. Música. Galicia

- 13.00h. Soportais-Ribeira. "Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
Coa colaboración da Charanga Bicoia. Música. Galicia

- 17.30h. Alfonso XII-Ribeira. "A danza dos paxaros" Paporrubio Cía. 30'. Galicia

- 18.00h. Soportais-Alfonso XII. "Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
Coa colaboración de Los Dixie Kings. Música. Galicia

- 18.30h. Casto Sampedro-Ribeira. Fanfarria Taquikardia. Música. 30'. Galicia

- 19.00h. Alameda-Soportais. Los Dixie Kings. Música. 30'. Galicia

- 19.30h. Alfonso XII-Ribeira. "A danza dos paxaros" Paporrubio Cía. 30'. Galicia

- 20.30h. Alejandro Otero-Ribeira. "Ton Bec" Les Grandes Personnes. 30'. Francia  
"Los Extintos" Opakar. 30'. Cataluña  
Coa colaboración de Los Dixie Kings. Música. Galicia

Peché do domingo. 21.00h. Balcón do Concello. Fanfarria Taquikardia. Música. Galicia

Itinerantes de balde. Sempre con máscara e en grupos de conviventes ou burbuilla.



### ~~~~~ INTERVENCIÓN URBAÑAS ~~~~

#### Redondela é un escaparate. Exposición: "35 anos de Títeres Cachirulo"

Redondela rende homenaxe á histórica compañía galega Títeres Cachirulo e quere mostrar parte dos 35 anos da súa traxectoria nos escaparates do comercio local. Poderedes facer un percorrido da exposición polos nosos diferentes colaboradores. Escaparates participantes: Copy Redondela, Pastelería Filo, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Barbería Juan Crespo, Tien-21, AgroRedondela e DiscoTasca. Instalación especial no antigo Kiosko Cocó. Do 20 de agosto ao 7 de setembro.

#### Instalación "Retablos Mecánicos" de Peus de Porc. Cataluña

Instalación interactiva de retablos mecánicos de luva. Os retablos mecánicos constan de varias escenas de monicreques de luva en miniatura que poden ser manipuladas polo público mediante pancas e botóns. Cada retablo representa unha rutina diferente inspirada no teatro de monicreques tradicional. Praza do Concello. Sábado e domingo de 12.00h.-14.00h. e de 17.00h.-20.30h. Aforo limitado e protocolo anti-Covid. De balde.

Billeteira de sala e escenarios-carpas

Imprescindible para o/a espectador/a o uso da máscara e disponer de entrada en sala ou en carpas. Só haberá billeteira anticipada. Multiúso da Xunqueira do 18 ao 20 e do 23 ao 27 de agosto.

Horario de venda de entradas de sala: 10.00h.-13.00h.

Horario de venda de entradas escenarios-carpas e camisetas: 10.00h.-14.00h. e tamén os venres de 17.00h-20.00h.

Sala. Prezo único entrada: 5 euros, para calquera función.

Escenarios-carpas. Prezo único entrada: 1 euro, para calquera función.

#### Importante:

-Recomendamos estudar o programa e decidir que espectáculos queres ir ver.

-As entradas de sala e dos escenarios-carpas serán numeradas e terán o asento preadjudicado.

-Non se poderá acceder ao recinto de rúa ou sala unha vez comenzada a representación.

-Deberase acudir ás representacións con marxe de tempo, uns 20 minutos antes coma mínimo.

-Non se aceptarán cambios nin nas entradas, nin nas camisetas.

Apelamos á responsabilidade de cada un/unha para poder manter un Festival seguro para todas e todos. Moitas grazas pola túa imprescindible colaboración.

Nota: quedará suspendido o Mercadinho Titiriteiro e a programación Off de Títeres pola Gorra.

#### Organiza

#### Patrocinan

Redondela e

Cultura

XUNTA DE GALICIA

AGADIC

Axencia Galega de Industrias Culturais

CONCELLO DE REDONDELA

Xacobeo 21-22

fitredondela.com

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INADEM



## Larraitz Urruzola (Galicia)

Larraitz Producións Artísticas é un proxecto persoal que ten como piares a propia actriz, a súa capacidade narrativa, os títeres tradicionais e os contidos con perspectiva feminista, acadando grande éxito coas montaxes "O Crebanoces", "A viaxe de Rosalía" ou "Dona Barriga Verde".

**"Fábulas da montaña"** (varias técnicas) 50'  
Concepción Arenal repasa a súa infancia en Ferrol e o posterior traslado a Armaño, Cantabria, tras a morte do seu pai. Alí escribe o seu libro "Fábulas en verso orixinais", onde destaca a súa loita polos dereitos das mulleres e a defensa da educación como medio para conseguir a igualdade.  
En escena, a actriz-titiriteira Larraitz Urruzola e a pianista Merran Laginestra.

Mércores 1 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)  
<https://www.larraitzurruzola.com/>



## Moving Compass (Galicia/Francia)

Unha nova compañía formada por un colectivo de artistas internacionais, procedentes das más variadas disciplinas como o teatro físico, o mimo, os monicreques, a música ou a danza. Moving Compass busca e explora un teatro onde os estilos se mesturaran para abrir novos espazos. Unha arte escénica sen elites. Un punto de encontro onde todo poida ser posible.



**"Gaia Baba"** (teatro físico e monicreques) 60'  
O mundo, devorado polos residuos, perdeu a cor. Frio, gris e cuberto de cascallos, está gobernado por unha terrible catástrofe: o lixo. Os seres despiadados impónense como amos indiscutibles dunha terra erma. Con todo, algúen permanece neste mundo seco. Algúen está varrendo sen fin as ondas de lixo que sempre volven. Algúen queda coa esperanza de que a natureza recupere os seus dereitos: a meiga Gaia Baba.

Xoves 2 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)  
<https://www.movingcompasstheatre.com/>



## Bambalina Teatre Practicable (Valencia)

Levan más de 40 anos de andaina artística sendo unha das compañías referentes do panorama teatral. Caracterízanse pola vocación interdisciplinar dos seus espectáculos, e por empregar unha linguaxe teatral en sintonía coas dramaturxías máis contemporáneas.

### "Quijote" (monicreques de mesa) 60'

Dous oficiantes vestidos de negro, unha mesa, o xogo da luz e das sombras, xestos precisos e música matizada, mestúranse e recrean un "Quijote" sen texto, e con todo, elocuente, de evocacións góticas e expresionistas. Coa dirección de Carles Alfaro o espectáculo, dende a súa estrea no 1991, visitou máis de 42 países.

#### Premios:

- Festival de Marionetas de Botosani (Rumania)
- Mención de Honra do Gran Teatro da Habana (Cuba)
- Puppet Festival Torun (Polonia)
- Mostra Titelles Vall d'Albaida

Venres 3 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)

<https://bambalina.es/>



## Teatro Saco de Huesos (Francia)

Compañía fundada polo titiriteiro Ángel Navarro. Tras a súa formación con Víctor Hernández e Stephen Mottram, descubrío os títeres no Barrio do Raval de Barcelona e a arte da construcción na casa-obraidoiro do mestre de títeres Pepe Otal.

### "Edgar" (monicreques de fio e sombras) 50'


Inspirado no universo de Edgar Allan Poe e nos seus últimos anos de vida despois da morte de Virginia. Así percorreremos as rúas dunha Nova York chea de sombras e afondaremos na terra do cemiterio. Todo isto dende a comodidade dunha idea: só son monicreques; pero co amargo residuo na boca de identificar as súas sombras coas nosas.


Coa música en directo de Franck Olivier Defaux, da que tamén é o compositor.

Sábado 4 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)

Domingo 5 ás 19.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)

<https://www.teatrosacodehuesos.com/>






## The Fifth Wheel (Rusia)

The Fifth Wheel é unha compañía rusa fundada en 2004 por graduados das Academias de Teatro de San Petersburgo e Siberia.

A compañía caracterízase por propor en escena pequenos números musicais onde unhas sorprendentes e virtuosas marionetas de fío móvense cunha técnica perfecta, mesturando a súa formación clásica rusa co estilo cabareteiro máis europeo.



### "Cabaret sobre fíos" (monicreques de fio) 45'

Espectáculo de monicreques de fío onde os números musicais vanse sucedendo como se dunha viaxe se tratase, e onde cada canción leva ao espectador a un país ou cultura concreta.

Coa manipulación e interpretación de Peter Vasilyev e Lisa Sallier, esta función propón un fermoso percorrido polo mundo e a súa diversidade.

Xoves 2 ás 19.00h. P. da Xunqueira (+6 anos)

Venres 3 ás 18.00h. P. da Xunqueira (+6 anos)

<https://www.youtube.com/watch?v=LIPkrWYans>

## Tanxarina Títeres (Galicia)

Con máis de 35 anos de traxectoria artística, é unha das formacións más recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego, tanto dentro como fóra de Galicia. Nos seus espectáculos combinan a manipulación de monecos co traballo actoral. Contando historias con retranca para facer rir e para facer pensar.

### "Titiricircus" (actores e monicreques de fío) 45'

Trátase dunha lembranza fantástica e festiva do gran circo de carpa alta e bicolor: a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números más importantes daquel vello circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica, o malabarista máis divertido e bailadeiro do mundo...

Xoves 2 ás 18.00h. Salgueiral (+3 anos)

<https://tanxarina.es/>





## Alauda Teatro (Castela e León)

A compañía xurdiu en 1984 por iniciativa de Rafael Benito, licenciado na Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, e despois de producir varias producións teatrais e cursos de teatro en 1997 ampliaron o seu traballo teatral co uso de monicreques.

**"Cristóbal Purchinela"** (monicreques de luva) 50' Cristóbal desafía con grande humor, como é costume, aos poderosos, ás pantasmas cotiás e todos os enigmas que perseguen a calquera. Todo isto, ao ritmo da música en directo do violonchelo.

Venres 3 ás 19.00h. Salgueiral (+4 anos)

**"The Puppet Circus"** (monicreques de fio) 60'

Un espectáculo onde os artistas penden dun fío: trapezistas, malabaristas, equilibristas ou un faquir devorador de lume, acompañado tamén polo pallaso Frango e presentado polo xenial director Mario Net.

Sábado 4 ás 17.30h. e 20.00h. Casa da Torre (+4 anos)  
[www.alaudateatro.com](http://www.alaudateatro.com)

## Mircromina Títeres (Galicia)



Unha Compañía creada por Ton Arenas en Mondoñedo no 2010 e enfocada ao público infantil e familiar, apelando ao humor, á intelixencia e á conciencia.

**"Cousas da casa"** (monicreques de luva) 45'

Espectáculo que fai un percorrido por aqueles conceptos que nos permiten reflexionar acerca da igualdade entre mulleres e homes nos distintos ámbitos, con especial énfase na reincorporación profesional da muller despois de ser nai e a corresponsabilidade do home como pai nos coidados do novo membro da familia, o bebé.

Sábado 4 ás 13.00h. Salgueiral (+4 anos)

Sábado 4 ás 18.00h. Salgueiral (+4 anos)

Domingo 5 ás 18.00h. Palco da Música (+4 anos)



<http://mircromina.es/es/espectaculos-es/>





## Opakar (Cataluña)

Con máis de 17 anos de experiencia no ámbito de propostas escénicas itinerantes, Opakar traballa coa intención de sorprender e innovar.

### "Los Extintos" (corpóreos) Itinerante 30'

Os dous últimos exemplares dunha xigantesca especie de ave que xa se cría extinguida. O más notable destas criaturas é o seu carácter curioso e alegre.

Sábado 4 ás 19.00h. Soportais-Alameda

Sábado 4 ás 21.00h. Alfonso XII-Ribeira

Domingo 5 ás 12.00h. Alfonso XII-Soportais

Domingo 5 ás 20.30h. Alejandro Otero-Ribeira

<https://opakar.com/evento/los-extintos/>



## Les Grandes Personnes (Francia)

A asociación Les Grandes Personnes é un colectivo artístico francés que traballa en varias liñas de creación do Teatro de Rúa, todas elas con bonecos xigantes e cun compromiso social e reindivitativo.

### "Ton Bec" (bonecos xigantes) Itinerante 30'

Dous títeres xigantes inspirados pola obra literaria de La Fontaine e as ilustracións de J.J. Granville, nas que animais con características humanas teñen un papel central.

Sábado 4 ás 18.00h. 19.30h. e 21.00h. Alfonso XII-Ribeira

Domingo 5 ás 13.00h. Soportais-Ribeira

Domingo 5 ás 18.00h. Soportais-Alfonso XII

Domingo 5 ás 20.30h. Alejandro Otero-Ribeira

<https://www.lesgrandespersionnes.org/>

## Paporrubio (Galicia)

Espectáculo de animación de rúa que conta coa participación da compañía Can Cun Quinqué

### "A danza dos paxaros" (corpóreos) Itinerante 30'

Os bailaríns interpretan a grandes e vistosos paxaros cabezudos baixo a dirección dun ornitólogo que acompaña a esta particular bandada no seu danzar.

Domingo 5 ás 17.30h. e 19.30h. Alfonso XII-Ribeira

<https://urdime.gal/project/a-danza-dos-paxaros-2/>





## EducaTeatro (Galicia)

A música, a lingua e a diversión son os piares fundamentais dos seus traballos, e contribuirá a unha aprendizaxe significativa.

**"Redondela é un conto"** (corpóreos) Itinerante 30'  
Esta proposta nace da mestura de dúas das compañías más prestixiosas do panorama pontevedrés: Educateatro e The Turre's Band. Os afamados corpóreos de Educateatro serán acompañados por esta fantástica banda.



Sábado 4 ás 18.30h. Casto Sampedro-Ribeira  
Sábado 4 ás 20.30h. Alameda-Soportais  
<https://educateatro.com/es/>

## Le Guignol Orthopédique (Madrid)

Compañía fundada por Andrea Waitzman, especializada na tradición do títere de luva.

**"Las aventuras de Gasparina"** (bonecos de luva) 50'  
Narrá as aventuras da nena Gasparina, unha rapaza alegre, que se verá involucrada en tolas situacions, como ter que salvar ao seu can, ao seu barrio e á súa cidade.


Sábado 4 ás 19.00h. Palco da Música (+4 anos)  
Domingo 5 ás 19.30h. Salgueiral (+4 anos)  
<https://leguignolorthopedique.com/>

## Spaghetti Títeres (Galicia)

Histórica compañía de títeres de Galicia. Está composta actualmente polo veterano titiriteiro Arturo Pérez Cabral e Ton Arenas.

**"Cinco historias para unha man"** (luva) 40'  
Baseada na obra "Telón de cielo" do mestre titiriteiro Guaira Castilla. Son cinco pequenas historias mímicas, que nos achegan á esencia deses títeres onde a manipulación e a posta en escena se mesturan nunha maxia épica. Ademais, conta a historia das propias mans poñendo e quitando elementos escénicos, bailando, limpando... porque son realmente a alma dos monicreques.

Domingo 5 ás 12.00h. Palco da Música (+6 anos)  
<https://vimeo.com/9576324>





## Cachirulo Títeres (Galicia)

Creada en 1985, Cachirulo caracterízase por unha rica producción de espectáculos que combina textos clásicos con autorías propias dunha gran variedade técnica: marionetas de fio, luva chinesa, bunraku, monicreque, sombras, obxectos e teatro de rúa.

As súas obras percorreron os escenarios de numerosas programacións e festivais internacionais de Europa e América, obtendo importantes premios.

**"A Guerra das Galicsias"** (bonecos de luva) 55'

Unha divertida aventura interplanetaria do século XXI inspirada nas películas galácticas do século XX e nas tradicións máxicas, astrolóxicas, culturais e gastronómicas da nosa terra.

Martícia está en alerta. As súas augas foron contaminadas cunha estraña substancia que provoca insólitos efectos nos seus habitantes. Detrás destes sucesos atópase o malvado emperador de Omega, planeando unha invasión que só o amore un pouco de maxia poden impedir.

Domingo 5 ás 12.30h. Salgueiral (+4 anos)

<http://www.titerescachirulo.com/a-guerra-das-galicsias/>

## Cazando Gamusinos Teatro (Madrid)

Compañía formada por Patricia Arroyo e Vera González en 2018 para crear espectáculos de rúa e salóns para todos os públicos, despois dunha longa carreira como manipuladoras de bonecas e directoras de escena.

**"¡Ay pera, perita, pera!"** (actrices e bonecas) 50'

Tomasa leva más de 40 anos levando un posto no mercado da súa cidade, vendendo frutas, verduras, carne e peixe. O mercado é a súa casa e o resto dos comerciantes a súa familia.

Tamén a acompaña unha rapaza, María, que a axuda a levar as caixas e lémbralle todo o que Tomasa esquece, porque é moi despistada e sempre ten a cabeza nas nubes.

Domingo 5 ás 13.00h. e 18.30h. P da Xunqueira (+5 anos)  
<https://cazandogamusinosteatro.com/>





## Uxía Lambona e a Banda Molona (Galicia)

"Astronauta Sideral" (espectáculo músico-teatral) 70' Recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" ata O Ghato "rockeiro" pasando por outros moitos temas tradicionais, e algún que outro propio; todos eles moi dinámicos, facendo que todas as crianças presentes sexan partícipes deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algúna que outra sorpresa.

Sábado 4 ás 19.30h. Pista da Xunqueira

<https://uxialambona.es/>



## Charanga Bicoia (música). Itinerante

Ademais de tocar os grandes éxitos charanguís de toda a vida (Agárrate Saxo, Campanera, Bakalao Salao, etc.), introducen no seu repertorio temas de diferentes culturas, como pezas bolivianas ou, por suposto, galegas.

Domingo 5 ás 13.00h. Soportais-Ribeira

Domingo 5 ás 12.00h. Alfonso XII-Soportais

<https://www.facebook.com/charangabicoia/>

## Os Alecríns (música) Itinerante

Formación musical de doce membros fundada en Ponteareas por un grupo de amigos afín á Banda de Música e co común obxectivo de transmitir coa música emocións e festa.

Sábado 4 ás 18.00h. 19.30h. e 21.00h. Alfonso XII-Ribeira

<https://www.facebook.com/osalecrins>

## The Turre's Band (música). Itinerante

Músicos de profesión e festeiros de vocación, a formación está composta por ventos e percusións. The Turre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega.

Sábado 4 ás 18.30h. Casto Sampedro-Ribeira

Sábado 4 ás 20.30h. Alameda-Soportais

Sábado 4 ás 21.30h. Balcón do Concello

<https://turresband.com/>





## Fanfarria Taquikardia (música) Itinerante

Grupo de música extremo festeiro de repertorio taquicárdico, que vai das melodías balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina.

As influencias musicais son varias: comeza polas fanfarrias de Europa do Leste, os brass ensembles de Nova Orleans e a música tradicional galega.

Domingo 5 ás 18.30h. Casto Sampedro-Ribeira

Domingo 5 ás 21.00h. Balcón do Concello

<http://www.culturactiva.org/es/espectaculo/musica-taquikardica>



## Los Dixie Kings (música) Itinerante

O sexteto naceu co obxectivo de dar a coñecer ao público o Jazz máis tradicional, o Dixieland, que recorda aos inconfundibles desfiles das bandas de rúa dos anos 20 en Nova Orleans.

As súas actuacións destacan pola súa proximidade ao público, o bo ambiente e unha variada selección musical.

Domingo 5 ás 18.00h. Soportais-Alfonso XII

Domingo 5 ás 19.00h. Alameda-Soportais

Domingo 5 ás 20.30h. Alejandro Otero-Ribeira

<https://www.gallaeciaeventos.com/grupos/dixie-kings/>



## As Efémeras (música) concerto

Aire fresco desde o Mar de Redondela. Músicas populares e contundentes. Bailables e que dan que pensar. As Efémeras son artistas e activistas culturais, comprometidas coa ecoloxía, o feminismo e a fala do país.


Con este proxecto achegan a súa música ao mundo: composicións de quilómetro 0 mais con espírito universalista.

Nacen en 2019, gravan disco en 2020 e en 2021 ofrecénnos un concerto que xunta literatura e música, teatro e danza. Baseado na vida das efémeras, o insecto que lles dá nome.

Espectáculo apto para todos os públicos.

Domingo 5 ás 20.00h. Casa da Torre

<https://efemerasdotcom.wordpress.com/home/labores-efemeras/>



## Peus de Porc (Cataluña)

Xesco Quadras funda no 2013 a compañía Peus de Porc. Tras unha longa traxectoria en compañías como Antigua e Barbuda, Farrés Brothers ou Ne Me Titere pas, estrea "¡A comer!", gañadora do Premio FETEN 2015 ao Mellor espectáculo de títeres, entre outros moitos premios, comezando así unha nova andaina artística moi persoal.



### "Retablos mecánicos" (Instalación)

Instalación interactiva de retablos mecánicos de luva. Os retablos mecánicos constan de varias escenas de monicreques de luva en miniatura que poden ser manipuladas polo público mediante pancas e botóns. Cada retablo representa unha rutina diferente inspirada no teatro de monicreques tradicional.

Praza do Concello. Sábado 4 e domingo 5 de 12.00h.-14.00h. e de 17.00h.-20.30h.  
De balde. Aforo limitado e protocolo anti-Covid.

<http://www.lamaleta.cat/es/espectacles/teatrets-mecanics-2/>



## Redondela é un Escaparate.

Exposición: "35 anos de Títeres Cachirulo"

Redondela rende homenaxe á histórica compañía galega Títeres Cachirulo, e quere mostrar parte dos 35 anos da súa traxectoria nos escaparates do comercio local.

Unha viaxe a través das montaxes más significativas da compañía, na que se poden apreciar obras realizadas con diferentes técnicas: marionetas de fío: "Ubúe no Outeiro" (1985), monicreques de vara inspirados en cadros de Pablo Picasso: "A Bela e a Besta" (1988), bunrakus: "Noite de verán" (1990), sombras chinesas: "Cousas de Castelao" (2003), bonecos de tea: "A Historia do Apalpador" (2009) ou traballoos más recentes como "Cronopios" (2019).

do 20 de agosto a 7 de setembro

Escaparates participantes: Copy Redondela, Pastelería Filo, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Barbería Juan Crespo, Tien-21, AgroRedondela e DiscoTasca.  
Coa participación especial do antigo Kiosko Cocó.

<http://www.titerescachirulo.com/>

